



# Concello de Vimianzo

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 31/03/2012

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día trinta e un de marzo de dous mil doce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. Anselmo Ramos Martínez  
D. José Antonio Miñones Riveiro  
D. José Manuel Rodríguez Blanco  
D. José Manuel Perez Trillo  
D.<sup>a</sup> Carmen Felicidad Borbujo Martínez  
D. Pablo López Vázquez.  
D. Manuel Soto Pérez  
D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé

Ausentes:

D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez, que xustificou a súa ausencia.  
D.<sup>a</sup> Monserrat Vázquez Miñones, que xustificou a súa ausencia.

Secretario: D. Rafael José del Barrio Berbel  
Interventor acctal: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### DELIBERACIÓNS

#### A) Sección resolutiva

**1. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 28/01/2012 e das sesións extraordinarias de datas 22/02/2012 e 13/03/2012.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación as citadas actas.

Non tendo ningunha observación enténdense aprobadas por unanimidade.

**2. Aprobación inicial da cesión gratuita ao SERGAS do edificio do Concello situado na rúa Rosalía de Castro nº1 de Vimianzo.**

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas

Visto o edificio do Concello destinado a centro de saúde na rúa Rosalía de Castro nº1, cunha superficie de 645 m<sup>2</sup>, ubicado na finca con referencia catastral nº 7333902HM9773S0001SW, de

C

981 m2. O citado inmovible estaba inscrito no Inventario Municipal de Bens (nº Ft280813001) coa natureza de ben demanial de servizo público, destinado a sanidade (centro de saúde xestionado polo SERGAS).

O

O Pleno do Concello de Vimianzo aprobou un expediente de alteración da cualificación xurídica do edificio do Concello destinado a centro de saúde na rúa Rosalía de Castro, nº 1 de Vimianzo,

P

cambiando a súa cualificación de ben de dominio público local a ben de carácter patrimonial. Consta a inscrición do ben no Rexistro da Propiedade de Corcubión con carácter de patrimonial.

I

Por Providencia de alcaldía de data 26/01/2012 iniciouse o expediente para realizar unha cesión gratuíta en propiedade ao SERGAS do ben inmovible descrito anteriormente, tendo en conta a conveniencia para o Concello de Vimianzo de que o SERGAS adquiera a titularidade do ben e se faga cargo de tódolos gastos de conservación e mantemento do edificio.

A

Visto o protocolo entre a Consellería de Sanidade e a federación Galega de Municipios e Provincias sobre a asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde de data 29/12/2008, no que se establece as bases de cooperación entre os concellos e o SERGAS para a cesión da propiedade dos centros de saúde para a asunción dos gastos de mantemento dos mesmos.

Visto informe xurídico de secretaría de data 26/01/2012 e os certificados do Inventario de Bens Municipal e do Rexistro da Propiedade.

P

Visto o informe do arquitecto municipal de data 16/03/2012 en relación coas características do ben inmovible a ceder e a súa valoración e a súa inclusión nalgún Plan de ordenación.

U

Visto o informe de intervención de data 20/03/2012 en relación co valor que supón dos recursos ordinarios do orzamento o valor do ben inmovible.

Considerando o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réxime Local (LBRL), e no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

B

Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo de data 28/03/2012.

L

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Alcalde explica que a FEGAMP aprobou un convenio coa Consellería de Sanidade para facilitar aos Concellos a cesión dos centros de saúde á Consellería para que se faga cargo de tódolos gastos, que o Concello xa realizou algún trámite nun Pleno anterior, e agora tratase de darlle continuidade ao expediente.

I

O Sr. Miñones Riveiro, portavoz do grupo PSOE, dí que está de acordo e que van votar a favor para liberar ao Concello dunha serie de gastos.

C


O Sr. Soto Pérez, portavoz do grupo Independientes por Vimianzo, dí que van votar a favor porque o Concello vaise liberar dunha serie de gastos impropios que estaba asumindo.

A

A Sra. Borbujo Martínez, portavoz do grupo PP, dí que están de acordo e pide ao equipo de goberno que aceleren os trámites.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, que representan a maioría absoluta dos membros da Corporación, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de cesión gratuíta ao SERGAS do edificio do Concello de Vimianzo de carácter patrimonial situado na rúa Rosalía de Castro nº1 de Vimianzo,



# Concello de Vimianzo

cunha superficie de 645 m<sup>2</sup>, e da finca correspondente con referencia catastral nº 7333902HM9773S0001SW, de 981 m<sup>2</sup> de superficie.

SEGUNDO.- Someter o expediente a un período de información pública por prazo de vinte días mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia aos efectos de que polo órgano competente manifieste a súa conformidade á cesión gratuita; e á Consellería de Presidencia aos efectos do artigo 109 do RBEL.

### **3. Modificación do sistema de actuación da unidade de actuación nº12 das Normas Subsidiarias do Concello de Vimianzo.**

Visto o informe do arquitecto municipal de data 11/11/2011, que xustifica a necesidade de modificar o sistema de actuación da unidade de actuación nº 12 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Vimianzo, a vistas das dificultades do sistema de compensación para desenvolver ese ámbito de solo urbano pola iniciativa privada.

Visto o informe xurídico do secretario da Corporación de data 11/11/2011.

Na sesión plenaria de data 19/11/2011 acordouse propoñer a modificación de oficio do sistema de actuación da unidade de actuación nº 12 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Vimianzo, substituindo o actual sistema de compensación polo sistema de cooperación. O expediente someteuse á exposición pública durante un prazo de vinte días e notificouse aos propietarios afectados para que presentasen as alegacións oportunas.

Vista a alegación presentada por D. Enrique Domínguez Antelo en data 27/02/2013, RE nº 1232.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 28/03/2012.

Considerando o disposto na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e o Regulamento de Xestión Urbanística aprobado por RD 3288/1978, do 25 de agosto.

Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo de data 28/03/2012.

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Alcalde explica que este acordo é consecuencia doutro adoptado por unanimidade da Corporación escoitando unha reivindicación histórica dos veciños da Piroga, para impulsar polo Concello mediante este sistema de cooperación o desenvolvemento e ordenación do parque da feira.

O Sr. Miñones Riveiro dí que van votar a favor porque o sistema de compensación tivo dificultades e o técnico municipal aconsella o sistema de cooperación.

O Sr. Soto Pérez dí que van votar a favor pero que deberían de aumentar a edificabilidade para que sexa rentable economicamente aos propietarios e sexa viable; e que dada a complexidade do asunto, deberían facer un calendario co compromiso de todos.

A Sra. Borbujo Martínez dí que están de acordo e que esa zona estivo paralizada moito tempo e comenzou a mellorar grazas ao partido popular coas obras do saneamento; e pide ao goberno municipal que nos próximos orzamentos se recolla unha partida para esa actuación.

C

O Sr. Mancebo Amigo, portavoz do grupo BNG, sinala que o cambio de sistema é a ferramenta base para que ao longo desta lexislatura se atope a mellor fórmula para todos, de xeito que coa intervención pública as cargas sexan as mínimas para os propietarios e se determine unha zona pública destinada ao campo da feira e unha zona privada de solares para os propietarios.

P

O Sr. Alcalde dí que a edificabilidade que ten a zona adoptouse polo alcalde anterior hai tempo, que os propietarios tiveron a oportunidade de presentar alegacións nese sentido, e que o debate está na intervención pública para poñer en valor a feira da Piroga. En canto á proposta do grupo PP, o alcalde sinala que a terán en conta pero que a Xunta de Galicia ou a Deputación de Coruña tamén deberían colaborar.

I

A Sra. Borbujo Martínez dí que sempre terán a colaboración do partido popular como fixeron co saneamento, pero que o goberno municipal ten que amosar o seu compromiso co desenvolvemento desta actuación con algunha partida económica.

A

O alcalde dí que se comprometeron na oposición e o farán agora no goberno ao longo destes anos dándolle un mínimo impulso nos próximos orzamentos.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, que representan a maioría absoluta dos membros da Corporación, ACORDA:

P

PRIMEIRO.- Ter en conta a alegación presentada por D. Enrique Domínguez Antelo como propietario afectado nesta unidade de actuación.

Ú

SEGUNDO.- Aprobar a modificación de oficio do sistema de actuación da unidade de actuación nº 12 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Vimianzo, substituindo o actual sistema de compensación polo sistema de cooperación.

B

A modificación do sistema de actuación desta unidade xustifícase nas dificultades de desenvolver este ámbito de solo urbano pola iniciativa privada ao longo de 17 anos, e nas demandas dos veciños da Piroga dunha intervención municipal para unha adecuada ordenación e dotación de servizos mínimos nese ámbito.

L

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados e comunicalo aos departamentos municipais afectados.

I

**4. Bonificacións do imposto de construcións, instalacións e obras no polígono industrial de Vimianzo.**

C

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

A

Vistas as solicitudes de licenzas de obras e actividade no polígono industrial de Vimianzo de D. Fernando Espasandín Perez en representación de "Horno Paningacio, S.L." e D. Eduardo Salgado Antelo en representación de "Frutas Salgado, S.L.", de datas 13/10/2011 e 7/02/2012 respectivamente.

Visto o informe favorable de intervención municipal de data 23/03/2012.

Considerando o disposto no artigo 103.2 a) do Texto refundido da lei de facendas locais:

2. As ordenanzas fiscais poderán regular as seguintes bonificacións sobre a cota do imposto: a) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais,



# Concello de Vimianzo

C

*culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

O

Vista a Ordenanza fiscal nº 16 reguladora do "Imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Vimianzo", que establece a seguinte bonificación:

P

*"Este beneficio fiscal elévase o 90 por cento da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo, e soliciten a súa licenza de construción, instalación ou obra durante os exercicios 2011 e 2012. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros."*

I

Considerando o disposto na Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A

Considerando a atribución concedida ó Pleno polo artigo 22 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda de data 28/03/2012.

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Alcalde explica que se trata dun asunto de trámite recollido nas ordenanzas que se aprobaron para bonificar as empresas que se instalasen no parque empresarial de Vimianzo.

P

O Sr. Miñones Riveiro dí que van votar a favor.

U

O Sr. Soto Pérez sinala que van votar a favor, pero que no seu momento o seu grupo pediu que se elevase a bonificación do ICIO ao 95% como no concello de Laracha, e que se retome o tema para chegar ao máximo.

B

A Sra. Borbujo Martínez dí que van votar a favor e que está de acordo co sinalado polo Sr. Soto.

L

O Sr. Mancebo Amigo dá os parabens aos empresarios de Vimianzo e en concreto a Ignacio e Salgado, e lamenta que a crise financeira internacional a teñan que pagar os cidadáns. Sinala que este goberno iniciou o seu mandato cunha serie de medidas que ademáis do ICIO abarca a taxa pola licenza urbanística e da licenza de actividade, polo que apenas páganse 1.000 euros por cada actividade que se implanta. Neste sentido anima aos empresarios a que poñan en marcha proxectos en Vimianzo.

I

O Sr. Alcalde anima aos empresarios a implantarse en Vimianzo e explica que coas distintas bonificacións aprobadas nunha actividade que se implanta no parque empresarial de 11.933 euros páganse 1.193 euros, e doutra de 4.339 euros páganse 439 euros.

C

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, que representan a maioría absoluta dos membros da Corporación, ACORDA:

A

**PRIMEIRO.-** Conceder as empresas "Horno Paningacio, S.L." e "Frutas Salgado, S.L.", unha bonificación do 90% no Imposto de Construcións, Instalacións e Obras en relación coas licenzas de obras no polígono industrial de Vimianzo por ser de especial interese municipal.

**SEGUNDO.-** Comunicar o presente acordo aos servizos económicos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos.

C

## 5. Expediente de modificación de créditos SC/01/2012

O De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido.

P Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda de data 28/03/2012.

O Sr. Alcalde dá a palabra ao Sr. Interventor accidental que explica o contido da proposta de acordo.

I Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Alcalde explica que se trata de compensar os distintos gastos recoñecidos extraxudicialmente de facturas do ano pasado, algunhas da campaña electoral, e que a aprobación se vincula ao seguinte punto no que se quere recoñecer as únicas facturas pendentes do ano electoral.

A O Sr. Miñones Riveiro dí que van votar a favor, xa que as obras están aí e os provedores queren cobrar.

O Sr. Soto Pérez dí que se van abster xa que algunhas desas facturas do ano pasado eran coñecidas cando se aprobou o orzamento, e deberían de incorporarse e non se fixo.

P A Sra. Borbujo Martínez pregunta sobre o motivo do grupo de goberno para non recoñecer extraxudicialmente estas facturas noutros Plenos.

Ú O Sr. Alcalde explica que no primer Pleno o Concello recoñeceu as facturas que tiñan reparos de intervención; que posteriormente co Real decreto de pago aos provedores se recoñeceron as restantes facturas do ano 2011, salvo as que estaban pendentes de resolución xudicial; e agora apróbanse estas facturas por importe de 50.000 euros para pagalas en dous prazos e evitar aprobar o plan de axuste ou outras situacións complicadas para o Concello.

B A Sra. Borbujo Martínez dí que o Concello de Vimianzo perde 200.000 euros máis, que xunto ao 1.000.000 de euros doutro Pleno, suman 1.200.000 euros, por culpa dunha mala xestión e dunha oposición inadecuada. Señala que hai que pagar aos empresarios e que van votar a favor pero con tristeza pola perda de oportunidades para Vimianzo.

L O Sr. Mancebo Amigo sinala que o goberno confiaba nos seus orzamentos para poder gobernar e que están cumpríndoos escrupulosamente, cos expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos, co peche do exercicio en positivo para poder pedir o crédito da casa de cultura, e coa operación de préstamo que permitiu pagar a débeda principal o venres pasado. Indica que agora se modifica o orzamento para evitar a aprobación dun plan de axuste con medidas que poden empeorar a situación do Concello, e que o goberno intentará para finais de ano pagar aos seus provedores a 30 ou 45 días.

C O Pleno da Corporación, por nove votos a favor correspondentes aos membros dos grupos BNG, PSOE, e PP, e dúas abstencións dos membros presentes do grupo Independientes por Vimianzo, ACORDA:

A Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito SC/01/2012, co seguinte detalle:

- Concesión de suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de **190.078,37 €**.



# Concello de Vimianzo

C

O

P

I

A

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
161.210	Saneamento, abastecemento e distribución de auga. Infraestruturas e bens naturais	24.170,01	30.000,00	54.170,01
165.210	Alumeadado público. Subministros	125.000,00	50.000,00	175.000,00
453.210	Carreteras. Infraestruturas e bens naturais	82.542,36	92.000,00	174.542,36
920.226	Administración xeral. Gastos diversos.	32.000,00	18.078,37	50.078,37
<b>TOTAL</b>		<b>263.712,37</b>	<b>190.078,37</b>	<b>453.790,74</b>

Financiamento procedente integramente de remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
870	Remanente de tesouraría	190.078,37
<b>TOTAL</b>		<b>190.078,37</b>

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

## 6. Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2012

Neste momento auséntase da sesión o Sr. Soto Pérez por ter un interese persoal no asunto.

D. Manuel Antelo Pazos, Alcalde do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2012 no que consta a relación de 7 facturas do exercicio de 2011 por importe de 50.772,45 euros que non foron aprobadas no correspondente exercicio por falta de consignación orzamentaria axeitada e suficiente no exercicio 2011.

Visto o informe de Secretaría de data 23/03/2012.

Visto o informe de Intervención de data 23/03/2012.

Considerando o disposto nos artigos 163, 169.6, 173.5, 176 a 179 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e nos artigos 25.1, 26.1, 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda de data 28/03/2012.

C

A

**C** Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Alcalde dí que xa se explicou o asunto no punto anterior.

**O** O Sr. Miñones Riveiro, a Sra. Hermida Tomé e a Sra. Borbujo Martínez dín que van votar a favor.

**P** O Sr. Alcalde explica que foron obras feitas en campaña electoral sen crédito, que hoxe sería un delito, e que falou co empresario o ano pasado e lle dixo que cando resolvera o problema da casa de cultura resolvería o seu tema, polo que non se está a incumprir nada.

**I** O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, que representan a maioría absoluta dos membros da Corporación, ACORDA:

**A** PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos recollidos na Proposta de gastos de alcaldía de data 23/03/2012 correspondente a 7 facturas do exercicio de 2011 por importe total de 50.772,45 euros.

**A** SEGUNDO.- Aplicar ao vixente orzamento municipal do exercicio de 2012 os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados e comunicalo aos servizos económicos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**P** Neste momento incorpórase á sesión o Sr. Soto Pérez que se ausentou por ter un interese persoal no asunto.

## **7. Comunicados oficiais e dación de conta.**

**Ú** O Sr. Secretario dá conta dos escritos presentados polos distintos grupos políticos municipais en relación coa designación de titulares e suplentes nos distintos órganos colexiados externos:

**B** **Grupo de Acción Costeira:**  
Titular: D. Manuel Antelo Pazos  
Suplente: D. Fernando Mancebo Amigo

**L** **Grupo de Desenvolvemento Rural**  
Titular: D. Manuel Antelo Pazos  
Suplente: D. Fernando Mancebo Amigo

**I** **Consello Escolar do CEIP San Vicenzo de Vimianzo:**  
Titular: D<sup>a</sup> Monserrat Vázquez Miñones  
Suplente: D. José Manuel Rodríguez Blanco

**C** **Consello Escolar do colexio público de Baiñas:**  
Titular: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Hermida Tomé  
Suplente: D. Manuel Soto Pérez

**A** **Consello Escolar do IES e profesional Terra de Soneira:**  
Titular: D. Fernando Mancebo Amigo  
Suplente: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Ramos Rey





# Concello de Vimianzo

C

## Consello Escolar das escolas unitarias

O

### Castromil:

Titular: D. José Antonio Miñones Riveiro  
Suplente: D<sup>a</sup> Monserrat Vázquez Miñones

P

### Cereixo:

Titular: D. Pablo López Vazquez  
Suplente: D<sup>a</sup> Carmen Borbujo Martínez

I

### Carnés

Titular: D. Pablo López Vazquez  
Suplente: D<sup>a</sup> Carmen Borbujo Martínez

A

### Carantoña:

Titular: D. José Manuel Rodríguez Blanco  
Suplente: D. José Antonio Miñones Riveiro

### Escola infantil municipal:

Titular: D. José Manuel Pérez Trillo  
Suplente: D. Pablo López Vazquez

P

### Patronato para a mellora do Medio Rural:

Titular: D<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
Suplente: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Hermida Tomé

Ú

### Xunta Local de Concentración Parcelaria:

Titular: D. Anselmo Ramos Martínez  
Suplente: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Ramos Rey

B

### Xunta de Protección Civil e Extinción de Incendios:

Titular: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Ramos Rey  
Suplente: D. Anselmo Ramos Martínez

L

### Xuntas Periciais dos Catastros de Rústica e Urbana:

Titular: D. Manuel Soto.Perez  
Suplente: D<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez

I

### Xunta Local da Cruz Vermella:

Titular: D. Fernando Mancebo Amigo  
Suplente: D. Anselmo Ramos Martínez

C

### Mesa Local de Comercio:

Presidente:

Titular: D. Manuel Antelo Pazos  
Suplente: D. Fernando Mancebo Amigo

A

### Representante do Concello:

Titular: D<sup>a</sup> Carmen Borbujo Martínez  
Suplente: D. José Manuel Pérez Trillo

C

O Sr. Secretario dá conta dos decretos de Alcadía dos meses de xaneiro, febreiro e marzo:

**RESOLUCIÓNS/DECRETOS DA ALCADÍA**

Data: Xaneiro

19/01/2012	Aprobación de gastos na resolución da Alcadía en concepto de telefonía fixa e Fax chamadas decembro/2011 por un importe total de 1.466,43€
23/01/2012	Modificación da praza e da taxa do centro de día adxudicada a MCG, cambio de xornada con comedor e sen transporte (dous días ao mes) (Total:15,54€/día).
23/01/2012	Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa do lixo da vivenda situada na rúa Rosalía de Castro, 18-1º, Vimianzo a D. José Martínez Canosa.
23/01/2012	Cambio de titulariedade da licenza de actividade de comercio polo miúdo de mobles excepto os de oficina situado na rúa A. Vázquez Mouzo, 36, Bº (Vimianzo) a nome de Juan Carlos Seoane Vázquez (Total: 70€).
23/01/2012	Cambio de titulariedade da licenza de actividade de "café bar" situado na rúa A. Vázquez Mouzo, 12, Bº (Vimianzo) a nome de Juan Carlos Seoane Vázquez (Total: 70€).
23/01/2012	Cambio de titulariedade da licenza de actividade de "café bar" situado na rúa Bañías A, 33, Bº (Bañías) a nome de María Pazos Blanco (Total: 70€).
23/01/2012	Cambio de titulariedade da licenza de actividade de "café bar cantante" situado no lugar de Cerbán, 18, Bº (Castrelo) a nome de Joao Pedro Marques de Araujo (Total: 70€).
23/01/2011	Remisión de información de carácter económico en relación a solicitude presentada por Alejandro Rodríguez Lema.
23/01/2012	Aprobación da liquidación tributaria a empresa Cide Hcenergia, S.A correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro 2011, que ascende á contía 1.491,88€
23/01/2012	Aprobación da liquidación tributaria a empresa HC-Naturgas comercializadora último recurso, SA correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro 2011, que ascende á contía de 21,75€
23/01/2012	Aprobación de gastos na resolución da alcadía en concepto de "Taxas sobre venda de papel numerado para uso das Corporacións locais" por un importe total de 60,00€.
23/01/2012	Autorización, disposición e recoñecemento de obrigas das facturas que se relacionan e por importe de 39.138,27 euros.
23- 24/01/2012	Concesión de 6 autorizacións do uso do ximnasio municipal dende o 23/01/2012 ate 24/01/2012 (Total: 270,00€)
24/01/2012	Denegación da solicitude de modificación da praza da EIM adxudicada a IRM e comunicación de formar parte da lista de espera.
24/01/2012	Modificación da praza e da taxa da EIM adxudicada a GAP, incorporándolle o servizo complementario de comedor (Total: 132,00€).
24/01/2012	Denegación da solicitude de modificación da praza da EIM adxudicada a PMG e comunicación de formar parte da lista de espera.
24/01/2012	Admisión no servizo municipal de EIM de CBR.
24/01/2012	Dispoñer a contratación, a xornada completa, de D. José Santiago Vázquez Antelo, como conductor de camión do lixo durante mes e medio dende o 25/01/2012
24/01/2012	Requirimento á compañía aseguradora do vehículo causante dos danos producidos en bens municipais ocorrido a altura de Padreiro de Abaixo - Bañías (Total: 437,54€).
24/01/2012	Requirimento á compañía aseguradora do vehículo causante dos danos producidos en bens municipais ocorrido en Castromil - Salto (Total: 1.078,52€)
24/01/2012	Solicitude de subvención á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para "Educación secundaria para adultos"
25/01/2012	Outorgamento de autorización de enganche de auga de vivenda situada na rúa Tras do Muíño C, 1, 3º B, Vimianzo a D.ª Dolores Antelo Lema (Total: 300,00€).
25/01/2012	Adxudicación do contrato menor póliza de seguro para exposición de pintura, dende o 21/01/2012 até 31/03/2012 a Aon Gil y Carvajal, S.A. Por importe de 318,45€ (IVE incluído).
25/01/2012	Aprobación da calificación urbanística e informe emitido polo arquitecto e aprobación da liquidación tributaria a D. Cándido Pedreira Oliveira (Total. 20,00€).
26/01/2012	Autorización de cambio de titulariedade de recibos de auga da obra do edificio situado na rúa A Braña B, 5, Vimianzo a nome de Urma-2, S.L. (Total: 30,00€).
26/01/2012	Autorización de cambio de titulariedade de recibos de auga da vivenda situada na rúa Rosalía de Castro, 18, Vimianzo a nome de Rocio Andujar Mouzo (Total: 30,00€).
26/01/2012	Denegación da licenza para a instalación do vado permanente solicitado para un garaxe situado na rúa Braña da Grixá, Vimianzo a D. Alfredo Pérez Fernández.
26/01/2012	Concesión da tarxeta de estacionamento a CDVL.
26/01/2012	Denegación do recurso de reposición contra resolucións de alcadía de datas 04/11/2011 e 11/11/2011 por parte da empresa Manuel Rodríguez Lema, S.L.

O

P

I

A

P

Ú


B

L

I

C

A




# Concello de Vimianzo

C  
O  
P  
I  
A  
P  
U  
B  
L  
I  
C  
A

26/01/2012	Denegación do recurso de reposición contra resolucións de alcaldía de data 7/11/2011 por parte da empresa Manuel Rodríguez Lema, S.L.
26/01/2012	Confeción da nomina dos traballadores municipais correspondente ao mes de xaneiro de 2012.
26/01/2012	Aprobación de gastos de contrato de aluguer con mantemento, factura nº 06E129910000051595 cota aluguer, por importe de 274,47 euros.
27/01/2012	Alta no padrón da taxa dos recibos do lixo da vivenda situada no lugar da Piroga, 5, portal A, 1º dereira, (edificio Río Sol9, Bamiro a D. Manuel Vilarriño Mourelle.
27/01/2012	Anulación da liquidación tributaria aprobada por resolución da alcaldía de data 27/12/2011 de Cableuropa, SAU por ocupación de dominio público, correspondente ao 3T de 2011, por un importe de 156,42€ e aprobación da liquidación tributaria a empresa antes mencionada por importe de 2,35€
27/01/2012	Aprobación da liquidación tributaria a empresa Cableuropa, SAU, por ocupación de dominio público, correspondente ao 4ºT 2011, por importe de 2,23€.
27/01/2012	Anulación da liquidación tributaria aprobada por resolución da alcaldía de data 27/12/2011 de Iberdrola Generación, SAU por ocupación de dominio público, correspondente a outubro 2011, por importe de 183,89€ e aprobación da liquidación tributaria a empresa antes mencionada por importe de 91,96€.
27/01/2012	Requirimento de documentación a MRO en relación a solicitude de IXV de acceso a documentación municipal relativa a expedientes de facturas e personal labora.
27/01/2012	Aprobación do padrón da auga do 2º semestre do ano 2011 por un importe de 24.376,62€.
30/01/2012	Autorización do uso do pavillón polideportivo de Vimianzo todos os lúns ata o mes de xuño, en horario de 20:00 ás 21:00 h.a Dª. María Elena Agulleiro Canosa.
30/01/2012	Autorización a Francisca Antelo Pazos o uso da Escola de Berdoias, o día 12 de febreiro a partir das 16:00h., para unha reunión.
30/01/2012	Baixa na vivenda comunitaria de Vimianzo a HMRLF
30/01/2012	Autorizar a Raúl Andrés Chicapar á instalación dun cartel orientador da "casa de turismo rural Barboles" e aprobación da liquidación tributaria (Total: 10,00€).
30/01/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a construción de peche con bloques pintados en Ogas - Cambeda a D. Valentín Trillo Muíño (Total: 56,00€).
30/01/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a instalación dunha carpa (postes de ferro e lono por arriba) nunha finca detrás dun edificio para protección do vehículo na rúa Vilar- Vimianzo a D. Jaime Canosa Leis (Total: 38,00€).
30/01/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a construción de peche frontal dunha finca no Porto de Cereixo - Cereixo a Dª, María Loreto Moreira Canosa (Total: 98,25€).
30/01/2012	Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa do lixo da vivenda no lugar de Rabos, 4 - Bañías a Dª. María Lema Gerpe.
30/01/2012	Baixa no padrón da taxa de recollida do lixo do local situado no lugar de Ogas, 17, baixo, Cambeda.
30/01/2012	Baixa no servizo municipal de Escola Infantil a EFM
30/01/2012	Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa da auga do local situado na rúa Blaco Rajoy, 71, baixo, Vimianzo a nome de D. José Toja Suárez (Total: 30,00€).
30/01/2012	Aprobación da modificación do proxecto e do contrato de obra "Centro socio-cultural de Bañías"
30/01/2012	Aprobación de gastos de amortización do préstamo e xuros núm. 9544462560 data 29/10/11-28/01/2012 (Total: 21.674,46€).
31/01/2012	Solicitude de axudas para a realización de accións de información, orientación e busca de emprego para o ano 2012.
31/01/2012	Baixa no servizo de auga municipal e anulación da liquidación núm. 000202012 correspondente á taxa por enganche municipal de auga (Total: 300,00€).
31/01/2012	Aprobación da liquidación tributaria a empresa Endesa Energía, SAU, por ocupación de dominio público, correspondente ao 4ºT 2011, por importe de 1.516,08€.
31/01/2012	Baixa no servizo de auga municipal e anulación da liquidación núm. 000062012 correspondente á taxa por enganche municipal de auga (Total: 300,00€).
31/01/2012	Estimar as alegacións presentadas por Dª. María Esther Mouzo Pereira e arquivar sen máis trámite o expediente de denuncia con RE núm. 879/11.
31/01/2012	Adxudicación do contrato menor para a execución da obra de "Recondución da canalización de augas residuais en Salto" a D. Jesús Lavandeira Suárez por importe de 3.363,00 euros (IVE engadido).
	<b>Data: Febreiro</b>
01/02/2012	Admisión no servizo de comedor sobre rodas de MJBT.

C  
O  
P  
I  
A  
  
P  
Ú  
B  
L  
I  
C  
A

01/02/2012	Baixa no servizo de auga municipal e anulación a liquidación tributaria núm. 000152012 correspondente á taxa por enganche municipal de auga (Total: 300,00€).
01/02/2012	Aprobación de gastos de telefonía móvil, período 18/12/2011-17/01/2012, por importe de 478,42 euros.
01/02/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a construción dun peche de pedra no lugar de Recesindes, 15, parroquia de Carantofía a D. Anselmo Cudíns Novoa (Total: 39,80€).
01/02/2012	Outorgamento de licenza de obra para levar a cabo a construción de dúas entradas con tubos de formigón para acceso dunha finca no lugar de Magro, parroquia de Calo a Dª. Ramona Carmen Lema Pose (Total: 29,00€).
01/02/2012	Denegar a Dª. Ana María Bertola Ferrín a licenza de obra para levar a cabo a substitución de tella vella dunha vivenda por tella nova, dado que a interesada non presentou e n prazo a documentación que lle fora requirida (Total: 20,00€).
02/02/2012	Aprobación de gasto por cotizacións de MUFACE e cotas de clases pasivas mes xaneiro/2012 (Total: 107,96€).
